Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

**CATEGORÍAS RELACIONADAS**

## *Cantareiras, de Icía Varela e Xosé Manuel Varela*

Autores: Icía Varela e Xosé Manuel Varela




Un percorrido polo legado da música e a poesía popular. A tradición das pandeireteiras. As Vellas de Mens, Eva Castiñeira e Adolfina e Rosa Casás. Da man da pandeireteira Icía Varela e o investigador Xosé Manuel Varela.

**Icía Varela** (Malpica, 2000). Filóloga. É fundadora do grupo Arredores, co que publicou o disco «Ecdise» (2024). Subiu aos escenarios con SÉS, Mercedes Peón, Xabier Díaz, Caamaño&Ameixeiras, Fillas de Cassandra ou Xosé Manuel Budiño. Como solista, actuou no Festival Intercéltico de Lorient (Francia) e no Celtic Connections de Glasgow (Escocia).

**Xosé M. Varela** (Malpica, 1967). Docente e fundador da Fundación Eduardo Pondal, é un activo dinamizador de iniciativas culturais na Costa da Morte. Premio Bergantiños desde os Libros na súa edición

do ano 2000. Publicou con Icía Varela «O grilo Míllelo» (2014).

Foto autores: Antonio Fernández.

+ info Edicións Xerais

